

Docasar defenderá no Parlamento a creación no IES de Chantada dunha sección da Escola Oficial de Idiomas de Monforte, na especialidade de inglés

Partido dos
Socialistas
de Galicia
LUGO

O deputado autonómico do Partido Socialista, en apoio á Comunidade Educativa do Lama das Quendas, vén de rexistrar esta mesma mañá unha serie de iniciativas coas que o socialista tamén pedirá que o Partido Popular concrete se a Consellería contempla a posibilidade de que este servizo entre en funcionamento ó inicio do curso 2014-2015

O centro de Chantada, que vén ofertando dende hai anos o *Programa Cuale*, e que é cursado por alumnado do segundo ciclo da ESO e de Bacharelato, pero ó que non ten opción de acceder a poboación adulta, conta con instalacións axeitadas para ofertar esta modalidade educativa

Ademais, coa súa implantación tamén se prestaría un importante servizo ós concellos de Chantada, Taboada e Carballedo e mesmo a outros municipios limítrofes da Comarca da Ulloa. As tres entidades locais xa aprobaron por unanimidade esta petición

O deputado autonómico –Vicente Docasar– vén de rexistrar esta mesma mañá unha serie de iniciativas no Parlamento de Galicia para esixir a posta en funcionamento, no IES Lama das Quendas de Chantada, dunha sección da Escola Oficial de Idiomas de Monforte de Lemos, na especialidade de inglés. Así mesmo, a través da proposición non de lei e das preguntas que se debaterán tanto en comisión como en pleno, o socialista tamén pedirá que o Partido Popular concrete se a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria contempla a posibilidade de que este servizo entre en funcionamento ó inicio do curso 2014-2015.

O deputado monfortino defenderá así na Cámara galega as xustas reivindicacións da Comunidade Educativa do IES chantadino, pois “a aprendizaxe de idiomas tense convertido nos últimos tempos nunha cuestión fundamental tanto para mozos como para adultos. Ninguén dubida, a día de hoxe, que esta ensinanza abre portas para o acceso ó esixente mercado laboral nos tempos que estamos a vivir. Esa posibilidade de formación está ó alcance de moita xente nas cidades, pero resulta moito máis complicada en pequenas vilas do rural”. Precisamente, engade Docasar, unha desas vilas da Galicia interior é a indicada. Neste lugar atópase o IES “Lama das Quendas”, que estaría en boas condicións para albergar unha sección da Escola Oficial de Idiomas de Monforte.

Todo a favor para a implantación desta sección

O centro de ensino de Chantanda vén ofertando dende hai anos o *Programa Cuale*, que é cursado por alumnado do segundo ciclo da ESO e de Bacharelato, pero ó que non ten opción de acceder a poboación adulta. Así mesmo, conta con instalacións axeitadas para ofertar esta modalidade educativa, xa que, ademais, está aberto en horario de tarde, dende as 16:00 ás 22:00 horas.

“Estamos a falar da posibilidade de prestar un importante servizo non só ó concello de Chantada, senón tamén ós de Taboada e Carballedo, así como a outros municipios limítrofes da Comarca da Ulloa”. Tal é así que existe un amplo consenso na Comunidade Educativa do IES, manifestado nas correspondentes votacións de Claustro e Consello Escolar, e nos tres concellos indicados. Estes tamén veñen de apoiar por unanimidade dita petición.

20 de xaneiro de 2014
Saúdos,

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo